

JOHN AMES MITCHELL

O derradeiro americano

Traducido por Iago Nicolás Ballesteros



Vólvense os paxaros contra as escopetas



KAHN-LI

Pintura mural na Galería dos Heroes Nacionais de Yezo

O derradeiro americano

FRAGMENTO DO DIARIO DE KHAN-LI,
PRÍNCIPE DE DIMPH-YOO-CHUR
E ALMIRANTE DA ARMADA PERSA



John Ames Mitchell

Este volume está dedicado aos persas sensatos e
capaces de percibir unha advertencia no alzamento
súbito e na rápida extinción dun pobo necio.

Este volume está dedicado ao americano plenamente
satisfeito consigo e co seu país.

Unhas palabras por boca de
KAUTO,
alcumado «O eixe da sabedoría»,
curador do Museo Imperial de Shiraz
e autor de *A conquista celestial de Kaly-phorn-ya*
e de *Norte Mehrika baixo o goberno dos hy-bernios*

As asombrosas descubertas de Khan-li de Dimph-yoo-chur botaron luz a eito sobre o estilo de vida cotián do pobo mehrikano. Mal sabía el cando aterrou no continente dormente o servizo que estaba a piques de facerlle á historia, ou cal sería o entusiasmo que os seus achados habían producir nos arqueólogos persas.

Non hai estudante da Antigüidade que non estea familiarizado con estes feitos.

Pero, para beneficio daqueles que aínda non saben de tan extraordinario pobo, o primeiro dos meus consellos é que visiten o Museo de Teherán a fin de avivar o seu interese no tema, e, en segundo lugar, suxiro a lectura de libros tales como *O que atopamos en Occidente*, de Nōfuhl¹, e *Historia dos mehrikanos*, de Noz-yt-ahl. Esta última obra é unha historia completa e fiable da-

¹N. do T. A meirande parte dos nomes propios presentes na obra, en especial os referidos aos persas, posúen unha dobre lectura. Desta forma, a súa aparencia exótica agocha un certo significado en inglés, que en moitas ocasións é de carácter humorístico ou burlesco e que alude a algún dos trazos distintivos de cada personaxe. Neste caso concreto, o antropónimo do historiador Nōfuhl está formado por *no*

quel pobo, e abrangue dende a súa nacemento coa República durante a gobernación de George-wash-yn-tun até o ano 1990, cando deixou de existir como nación. Cómpre sinalar, non obstante, que Noz-yt-ahl ha sumir o lector nun estado de profundo desconcerto en relación co período que vai dende o masacre dos protestantes en 1927 até o desbordamento da dinastía Murfey en 1940.

O seu autor, igual ca moitos outros historiadores, é da opinión de que os mehrikanos eran de raza crioula, con escaso ou nulo espírito patriótico, e de natureza puramente imitativa; unha simple réplica, en proporcións meirandes, doutras nacionalidades existentes daquela. Considéraos un pobo frívolo, inqueda e dilapidador, e concédelles moi poucas virtudes. Isto, por suposto, é algo acertado; con todo, sempre constituirán un interesante obxecto de estudo a causa do seu rápido crecemento, o seu gran número, o seu marabilloso enxeño mecánico e a súa repentina e case inexplicable desaparición.

Con rigor e precisión, Noz-yt-ahl describe a riqueza, o luxo e o progresivo declive da poboación nativa, os terribles cambios climáticos que arrasaron o país coma a gadaña dun seitureiro e a rápida conversión dun vasto continente, fogar de millóns de persoas amantes do pracer, nun ermo silente, onde o sol e a lúa se aquendan para ollar dende os ceos os centos de cidades cubertas pola maleza.

e *fool*; isto é, «non parvo». Outros exemplos poden ser Noz-yt-ahl, derivado de *knows it all* («sábeo todo», «sabichón»); Grip-til-lah, que fai referencia a *grip the tiller* («agarra o temón»); e Bhoz-jā-khāz, que contén a forma *jackass* («estúpido»).

